

X ASEMBLEA XERAL DA FEGAMP

Santiago de Compostela, 29 de Novembro de 2019

AUTONOMÍA E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA E TERRITORIAL

Autonomía

A autonomía local, amparada na Constitución, é o alicerce básico das nosas entidades locais. Conforme sinala a Carta Europa de Autonomía Local de 1985, debe ser entendida como autonomía política e administrativa, que comprende a capacidade para regular e xestionar
5 baixo a súa responsabilidade unha parte importante dos asuntos públicos.

No plano político, a autonomía está basicamente ligada ao nivel competencial das entidades locais, de aí a importancia de que as competencias contén cun respaldo normativo e financeiro, tanto a nivel
10 local, autonómico como estatal, axeitados para o seu desenvolvemento.

Así pois, a atribución de competencias, de conformidade coa lexislación básica local, deberá atender ás características das diversas materias e mesmo á capacidade de xestión e distinta tipoloxía das entidades locais

e, en todo caso, estas competencias deberán exercerse sen inxerencias
15 doutras administracións e contando sempre coa financiación axeitada
para o seu desenvolvemento.

A clarificación competencial faise máis necesaria na actualidade si temos
en conta que as entidades locais en xeral, e os concellos en particular,
atendendo aos principios de subsidiaridade e proximidade, veñen
20 prestando servizos en asuntos que, aínda que afectan directamente ao
círculo dos seus intereses (en eidos coma servizos sociais, o emprego, os
conservatorios de música,...), carecen do axeitado respaldo competencial,
ao tempo que están a prestar outros que manifestamente non deberían
ser da súa competencia, coma determinados servizos nos ámbitos do
25 ensino ou a saúde.

Neste proceso de clarificación de competencias e do seus servizos,
haberán de ter unha participación prioritaria as entidades locais a través
dos instrumentos e procedementos de colaboración e participación xa
existentes, nomeadamente a través da Comisión Galega de Cooperación
30 Local e da audiencia ás asociacións de municipios e provincias, sen
prexuízo de crear outras canles para outorgar ás entidades locais
participación directa nos procesos de iniciativa, elaboración ou
modificación das leis que afecten directamente a súa autonomía e
intereses, mesmo dentro do ámbito parlamentario.

35 Neste proceso tampouco se debe desaproveitar a experiencia e resultados do desenvolvemento do Pacto Local asinado no seu día entre a Xunta de Galicia e a Fegamp, un instrumento que, despois do tempo transcorrido, debe ser obxecto dun impulso definitivo para consolidalo como ferramenta estable do financiamento local.

40 Aspecto esencial de autonomía local é a autonomía financeira, pois tal como ten sinalado o Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa, sen unha non pode entenderse a outra. O certo é que os concellos non poden seguir sendo os irmáns pobres da democracia.

Outro aspecto con incidencia no financiamento das entidades locais, tamén recollido no Pacto Local, é o que fai referencia ao compromiso da Xunta de Galicia de artellar os mecanismos necesarios para compensar financeiramente ás administracións locais ante a aprobación de normas por parte da Comunidade Autónoma que poidan supoñer unha minoración dos seus ingresos ou un aumento dos seus gastos, tal como
45 tivo lugar, a mero título enunciativo, coa aprobación no seu día da Lei contra os incendios forestais ou máis recentemente da Lei de benestar animal.
50

Cabe considerar tamén como aspectos importantes vencellados á autonomía local as relacións das entidades locais coas outras
55 Administracións públicas e o recoñecemento da súa capacidade de autoorganización.

No que respecta ás relacións das entidades locais con outras Administracions públicas, convén reiterar que as relacións interadministrativas deben basearse na lealdade institucional, primando a colaboración sobre a coordinación e rexeitando a adopción de actuacións unilaterais por parte da Administración autonómica, en especial a aprobación de plans, programas ou proxectos sectoriais, maioritariamente relativos a planificación urbanística, onde a intervención dos concellos, pese as súas competencias nesta materia, vese limitada ou condicionada pola creación de novos instrumentos urbanísticos, como son o Plan Básico Autonómico e os Plans Básicos Municipais.

En todo caso, a participación das entidades locais nos órganos de coordinación e colaboración debería ser proporcionada ao ámbito material dos intereses locais afectados. Así pois, as comisións e demais órganos mixtos de participación deberían ser paritarios cando os intereses locais sexan os preponderantes, no senso xa acadado no seu día para o desenvolvemento do Pacto Local.

En canto ao recoñecemento da súa capacidade de autoorganización e dirección, as entidades locais deben gozar da autonomía suficiente para organizarse política e administrativamente, establecendo as súas estruturas propias ou buscando fórmulas voluntarias de administración compartida con outras entidades locais, de ámbito

80 municipal ou provincial, para desenvolver as súas competencias e
servizos.

Sinalar finalmente que a autonomía política das entidades locais debe ir
unida ao recoñecemento da independencia e autonomía, en todos os
aspectos, dos gobernos locais á hora de xestionar e dirixir as súas
respectivas entidades locais, independencia e autonomía amparada na
85 Constitución e na Carta Europea de Autonomía Local.

Ademais non debe esquecerse que os alcaldes e concelleiros tamén
contan coa lexitimidade que lles da a súa elección libre, directa e
democrática.

Organización territorial

90 A revisión do marco territorial galego amosa a diverxencia poboacional
que existe en Galicia, e que se acrecenta ano tras ano. Este desequilibrio,
patente entre concellos, tamén se produce no ámbito intramunicipal,
onde as cabeceiras municipais concentran a maior parte da poboación e
o resto reside en núcleos pouco poboados e diseminados, coa
95 particularidade de que no caso galego, eses núcleos son moitos. Pero, así
como o despoboamento constante do territorio é un problema que
afecta a moitas zonas do Estado, como tamén os índices de
envellecemento e idade media da poboación elevados, índices de
mortalidade moi por enriba da natalidade e, nos últimos anos, menor

100 presenza de poboación estranxeira, que no caso galego foi importante
para manter ou mitigar as caídas de poboación, Galicia ten unhas
características moi específicas que complican de xeito moi importante as
posibles solucións que se poden dar a esta problemática, dado que a
xestión, especialmente o que afecta ás competencias municipais, cada
105 vez se fai máis difícil, sobre todo tendo en conta o peculiar asentamento
da poboación de Galicia e a orografía complexa que temos.

Valorando isto, e entendendo que non se consideran aceptables as
solucións baseadas na transferencia de competencias dos concellos a
outros niveis de goberno, por estimarse incompatible co principio de
110 autonomía local e mesmo co principio de eficacia, faise en todo caso
necesario a aplicación e potenciación de medidas que mitiguen estas
complexas situacións, establecendo procedementos e instrumentos que
permitan prestar servizos economicamente sostibles, con eficacia e
eficiencia, no marco da nosa distribución poboacional.

115 En relación co exposto, no eido da Autonomía e organización
administrativa e territorial, propónse á Asemblea Xeral para a súa
aprobación as seguintes

120

PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

AUTONOMÍA

125 **Primeira.-** Demandar unha definitiva determinación normativa das competencias propias das entidades locais, procedendo a tal efecto a revisión da lexislación de Galicia que afecte aos concellos e deputacións, nomeadamente a Lei de Administración Local de Galicia e aquelas outras normas que atribúen competencias ou servizos aos mesmos.

130 **Segunda.-** Solicitar, en cumprimento do mandato da Lei de Administración Local de Galicia, que se proceda a aprobar a lei que regule o réxime xurídico dos municipios turísticos, histórico-artísticos, industriais, pesqueiros e rurais, e que a normativa sectorial teña en conta as características destes concellos á hora de atribuírlle competencias e servizos.

135 **Terceira.-** Reiterar, en cumprimento do disposto na Lei de Administración Local de Galicia, que se proceda á maior brevidade a aprobar unha Lei de Facendas Locais propia de Galicia, en cuxo proceso de elaboración haberá de ter unha decisiva participación a Fegamp, incorporando, de ser o caso, as conclusións da Comisión de Análise de
140 Facendas Locais constituída no seu seo.

Cuarta.- Instar á modificación da lexislación para incorporar as entidades locais como entidades coa capacidade de exercer a iniciativa lexislativa popular nos asuntos da súa competencia e interese, tal como se vén de facer noutras Comunidades Autónomas.

145 **Quinta.-** Solicitar ao Parlamento de Galicia a creación de canles de participación das entidades locais nos procesos parlamentarios de elaboración das normas que afecten directamente ás súas competencias propias, autonomía e intereses, de ser o caso, creando un órgano permanente sobre entidades locais.

150 **Sexta.-** Reiterar a necesidade de potenciar o funcionamento da Comisión Galega de Cooperación Local, instando que a mesma se convoque en todos os supostos nos que se vaian elaborar ou aprobar normas ou plans sectoriais que atinxan ao réxime local.

155 **Sétima.-** Reclamar que a audiencia á Fegamp para expoñer o seu parecer sobre as disposicións de carácter xeral e os anteproxectos de lei que en materia de réxime local elabore a Xunta teña en todo caso carácter preceptivo, un dereito de audiencia que debe estenderse a todos aqueles programas, plans ou políticas públicas que afecten ou poidan afectar a autonomía local.

160 **Oitava.-** Demandar que a participación das entidades locais nos órganos mixtos autonómicos de colaboración e cooperación sobre asuntos de competencia e interese local teña carácter paritario.

Novena.- Solicitar que a atribución de competencias e servizos ás entidades locais se faga de forma consensuada coas mesmas, e en todo caso coa debida financiación, reiterando á Xunta de Galicia a obriga de artellar os mecanismos necesarios para compensar financeiramente ás administracións locais ante a aprobación de normas que poidan supoñer una minoración de ingresos ou aumento dos seus gastos.

Décima.- Promover a creación dunha comisión de estudio e proposta conformada pola Xunta de Galicia e a Fegamp que analice o impacto financeiro que para as facendas locais ten na actualidade a xestión das competencias e servizos ás que se refire a proposta de resolución anterior, identificando os déficits de financiamento que supoñen para os concellos a súa prestación.

175 **Undécima.-** Reclamar un financiamento regular das competencias e servizos desenvoltos polos concellos, instando á supresión das subvencións finalistas. En todo caso en cumprimento do sinalado no Pacto Local, reiteramos a necesidade de pactar as normas e bases comúns que rexen as convocatorias existentes para axuda aos
180 municipios.

Duodécima.- Reivindicar a potestade e capacidade dos concellos á hora de organizar e administrar as súas competencias e servizos na forma que estimen conveniente, ben mediante a colaboración coas Deputacións provinciais, a Xunta de Galicia ou outras administracións locais.

185 **Décimo terceira.-** Singularmente, lembrar á Xunta de Galicia que o servizo de recollida de RSU é competencia municipal, polo que son os concellos os que deben fixar a taxa que consideren conveniente en base ao contemplado no Real Decreto Legislativo 2/2004 do Estado.

190 **Décimocuarta .-**Promover a aprobación dun Estatuto do Alcalde e do Concelleiro que deberá recoller os seus dereitos e obrigacións, coa finalidade de que sirva de futuro marco de referencia para as entidades locais de Galicia.

195 **Décimo quinta.-** Reivindicar dende a Fegamp o reforzamento das capacidades de colaboración entre as distintas administracións locais, instando á Xunta a que delegue nelas novas competencias de carácter supralocal.

ORGANIZACIÓN

Décimo sexta .- Potenciar a creación de servizos intermunicipais de carácter integrado, outorgando unha ampla marxe de liberdade para a

200 configuración destes servizos, pero cunha cualificada participación dos concellos na toma das decisións fundamentais dos servizos.

Décimo sétima.- Impulsar a posta en marcha dunha estratexia xeral de xestión integrada e voluntaria dos servizos públicos municipais dos pequenos concellos, coa participación de todas as administracións implicadas, sen prexuízo de manter o dereito dos municipios, en tanto
205 que titulares das competencias, a optar libremente por fórmulas de xestión compartida.

Décimo oitava.- Instar á Xunta de Galicia para que impulse a aprobación dunha Lei de Cooperación Local de Galicia na que se regulen as fórmulas
210 de cooperación, que axilice e facilite o seu emprego e, en particular no que se refire á xestión integrada, que delimite as facultades das administracións participantes neste tipo de accións e estableza garantías de participación cualificada dos concellos na toma das decisións máis relevantes na ordenación e xestión dos servizos integrados.

215 **Décimo novena.-** Impulsar estratexias baseadas na dinamización económica do rural e nun acceso adecuado aos servizos para a poboación e as empresas.

Vixésima.- Reforzar as cabeceiras comarcais como polos de actividades económicas, de servizos e de equipamentos, fortalecendo os servizos

220 públicos que se prestan nelas e desenvolvendo sistemas de transporte que faciliten a mobilidade.

Vixésimo primeira.- Adoptar medidas para reforzar a coordinación intra e inter administrativa nos diferentes eidos da acción pública.

225 **Vixésimo segunda.-** Instar á revisión normativa para garantir a participación activa da administración local na abordaxe do reto demográfico.

230 **Vixésimo terceira.-** Sen prexuízo dos procedementos de reversión que se poidan realizar, a FEGAMP seguirá potenciando medidas que permitan dar resposta ás distintas problemáticas que están xurdindo no dominio público portuario para a realización de actividades, especificamente no referente ás autorizacións e concesións, taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio portuario e a flexibilización do marco contemplado na “Instrución para a regulación de criterios de autorización de ocupación do dominio público portuario con destino á
235 celebración de espectáculos públicos de Galicia”.

Vixésimo cuarta.- Impulsar o peche da negociación do Pacto Local da Auga, no que se establezan os criterios técnicos e obxectivos na planificación e financiación das actuacións hidráulicas a realizar.